



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 7 DE XUÑO DE 2007

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Manuel Ángel Gonzalez Valverde
D. Ángel Manuel Rodal Almuiña
Dña. María de los Ángeles Silva González
D. Alfonso Mandado Vázquez

D. Antonio Manuel Duarte Álvarez

D. Adolfo González Pino

D. Manuel R. Vilar Márquez
D. José Miguel Perez Vázquez

D. Luís Carlos de la Peña Arizaga
Dña. Laura Míguez Pérez
D. Manuel A. González Marcote
D. Rafael Lores Rosal
Dña. Teresa Pérez Vieira

D. Xosé Enrique Fernández Fernández
Dña Ana María Rodríguez Fernández

NON ASISTIU: D. Benigno Rodríguez Quintas

SECRETARIA: Dña. Susana Gallardo Fariña

Na Casa Consistorial de Baiona, a sete de xuño de dous mil sete, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr. Alcalde di que esta mañán remitiuse un fax ó Concello de Cervantes, en Lugo, manifestando a unión da Corporación de Baiona a dor dese Concello pola morte de dous traballadores nun accidente, gardándose un minuto de silencio.

De seguido declara aberto o acto, indicando que é o último Pleno Ordinario desta lexislatura aínda que haberá outro Pleno simplemente para ratificar a acta do Pleno de hoxe; pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.- APROBACION ACTAS ANTERIORES.

O Sr. Alcalde pregunta ós concelleiros si teñen alegacións que facer ás actas das sesións anteriores correspondentes ós días 2 e 3 de maio de 2007, e non producíndose ningunha, fican aprobadas por unanimidade dos presentes.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DO ACORDO RELATIVO A SOLICITUDE DA SUBVENCION PARA DESENVOLVEMENTO DAS LIÑAS DE ACTUACION E ESTIMULO A FORMACION DAS MULLERES O BEIRO DA RESOLUCION DE DATA 18 DE ABRIL DE 2007 DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sra.Secretaria, quen procede á lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Os Plans de Igualdade de Oportunidades son os instrumentos fundamentais para a intervención pública en materia de igualdade entre os sexos.

Constitúen o marco de actuación que contén un conxunto de medidas tendentes a impulsar e desenvolver unha política que oriente ás prácticas de igualdade de oportunidades en toda a acción municipal e que repercuta no benestar e calidade de vida da cidadanía .

A súa finalidade é contribuir a mellorar a situación social, política, económica, familiar e cultural da cidadanía, promovendo a aplicación transversal do principio de igualdade de xénero .

O Pleno do Concello de Baiona, aprobou o 2 de decembro do 2004 o I Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres 2005-2006.

Unha vez rematada a vixencia do plan, o grupo de coordinación AVALIA está a desenvolver a avaliación externa do mesmo, que nos permitirá coñecer o grao no que se acadaron os obxetivos propostos e será a base para a elaboración do vindeiro plan de igualdade municipal. Esta tarefa é necesaria xa que nos permitirá reflexionar sobre o traballo desenvolvido durante estes dous anos, actualizar a información e a actuación en torno a unha problemática que afecta a un colectivo moi numeroso .

Por outra banda , vista a Resolución do 18 de abril do 2007 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres

Resulta que o Concello de Baiona, no marco da Resolución anterior, solicitou ó Servicio Galego de Igualdade a través da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, accións formativas en novas tecnoloxías (un curso de informática básica e un curso de Internet básico) , demandadas polo colectivo feminino da nosa vila e dirixidas a facilitar a inserción laboral das mulleres impulsando a súa cualificación profesional, obxectivo prioritario nas políticas públicas e no noso Concello



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

E visto que o artigo 4.2 da devandita resolución esixe que a entidade local solicitante debe contar cun Plan de Igualdade vixente, ou en elaboración, aprobado polo Pleno da Corporación,

PROPONSE

PRIMEIRO.- Ratificar a resolución de Alcaldía de data 9 de maio de 2007 no senso do compromiso do Concello de Baiona de aprobar a elaboración do Segundo plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de Baiona, unha vez rematada a avaliación do anterior.

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo ó Servizo Galego de Igualdade a través da Delegación da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

SR.ALCALDE.- Como poden ver é un tema de cumprimento de estricteza legalidade desta subvención; abrimos o turno de palabra.

SR.DE LA PEÑA, PSOE.- Bós días, simplemente dicir que o voto do noso grupo será favorable.

SR.VILAR, CMÑ.- Como non pode ser doutro xeito, o noso grupo votará favorablemente tamén.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Tamén apoiamos a Moción.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado por unanimidade dos presentes.

E polo que, o Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Ratificar a resolución de Alcaldía de data 9 de maio de 2007 no senso do compromiso do Concello de Baiona de aprobar a elaboración do Segundo plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de Baiona, unha vez rematada a avaliación do anterior.

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo ó Servizo Galego de Igualdade a través da Delegación da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

4.-MOCIONS.-

Non se producen.

5.-ROGOS E PREGUNTAS.

Polo **BNG** solicítase resposta ás preguntas que fixeran no Pleno anterior do día 3.5.07, que foron as seguintes:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

PREGUNTAS DO BNG. (e respostas do Sr.Alcalde, en adiante R.A.)

1.- ¿Ten previsto o goberno local remodelá-lo tráfico nos Tendais?, si fora así ¿cál é o motivo?.

R.A.- Pois sí, evidentemente; o motivo é mellorar a circulación na zona unha vez que houbo modificacións importantes de afluencia de tráfico polo tema do aparcamento.

2.- ¿Cántas prazas de aparcamento de superficie teñen previsto vostedes eliminar coas novas remodelacións de tráfico que están facendo?.

R.A.- Non teño o número exacto aquí, non o tiña preparado, polo tanto contestareille por escrito nos próximos días, sempre antes do día 16.

6.-AGRADECEMENTOS.

SR.ALCALDE.- Este punto que non ven recollido na Orde do Día é de agradecemento; primeiro, a tódolos veciños de Baiona porque creo que nos axudaron a tódolos corporativos a desenrolar o noso traballo da forma máis útil posible; agradecemento tamén ó noso público, que sole ser un público escaso pero fiel, o que asiste aquí, ó salón de Plenos; agradecementos tamén a tódolos traballadores municipais porque creo que xa que houbo dous grupos de goberno nesta lexislatura creo que responderon ás expectativas, e que tamén é difícil porque desgraciadamente os períodos de inestabilidade afectan de forma importante á plantilla e sen embargo eles sempre han cumprido; tamén lóxicamente agradecemento a tódolos corporativos aquí presentes, tanto á oposición como ó equipo de goberno, porque creo que se ha buscado, dentro das diferencias lóxicas, o mellor para Baiona e creo que todos seguiremos nesa labor, sexa dende o Concello ou dende a rúa.

Penso que éste é un Pleno moi especial porque se van, polo momento, xa que na próxima Corporación non van estar presentes, 6 concelleiros, cos que ademáis tiven a honra de traballar directamente; quería sinalarlo e darlles un pequeno recoñecemento a esas persoas.

Nomeo en primer lugar, aínda que desgraciadamente non pode estar hoxe aquí, a D.Benigno Rodríguez Quintas, quen leva no Concello de Baiona dende o ano 74 como Concelleiro Primeiro e como Alcalde en 3 lexislaturas, e que, evidentemente, é a persoa que máis tempo leva neste Concello nun cargo político da historia democrática, esperemos que nos podamos ver proximamente e podamos darlle este pequeno detalle en persoa.

Por antigüidade continuo con D. Manuel Duarte, coñecido por todos posto que leva no Concello dende o ano 79; penso que é coñecida a faceta de Manolo a nivel empresario-hostelero, pero sobre todo é coñecida a súa vocación de defensa do público, de mellora do seu pobo, Baiona, e que ademáis nos últimos anos que coincidei eu persoalmente con él, estivo presente en tódolos problemas serios ocorridos en Baiona, en Belesar, en Baredo, en Sabarís; onde se necesitaba a Manolo, alí estaba, e por iso un agradecemento especial, pero sobre todo porque dos aquí presentes é o que máis tempo leva en política e iso é difícil, manterse tanto tempo aquí.

Un caso tamén moi especial é Miguel Pérez Vázquez, que leva dende o ano 91, 16 anos, 4 lexislaturas (e non é verdade que tiña máis pelo agora que antes porque xa naquelas datas o tiña máis o menos igual), pero sobre todo porque é o creador da faceta deportiva municipal do Concello de Baiona, un home implicado día a día, preocupado, evidentemente, polo Deporte, pero tamén por todo ó que é a vida municipal; como decía ó principio, este pequeno recoñecemento que temos neste Pleno non equivale nin pode pagar, nin vai a recoñecer, tódolos méritos que teñe Miguel, pero todavía é xóven e penso que seguramente aínda poderá seguir ahí (non quero dicir que Manolo sexa maior, nin moito menos).

O seguinte en antigüidade, primeiro, porque o teño a miña dereita, porque ocupa máis espacio, e porque pode darme un quantazo coa esquerda, é D.Alfonso Mandado Vázquez, que foi concelleiro en 2 lexislaturas, en diferentes actividais, distintos temas, pero a parte que eu máis recordo, lóxicamente,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

posto que foi na que traballamos xuntos, é a Concellería de Cultura, de Xuventude e Consumo, e é un home como todos saben que ocupa altos cargos a diferentes niveis e que ha sabido compatibiliza-los, e é unha persoa que vive a vida municipal de forma moi próxima, e que aparte ten antecedentes familiares que posiblemente marcaron esa faceta política posto que tanto seu avó, como o seu pai, foron Alcaldes, e faltando Nigrán, Gondomar e Baiona xa estaban conquistados. Fonsi, moitas gracias a nivel persoal como compañeiro teu; e sobre todo como representante e como Alcalde, moitísimas gracias.

Agradecemento tamén a Adolfo Gonzalez Pino, que aínda que non baionés de nacemento, está dende fai moitísimos anos aquí, en Baiona; con ésta fai xa 2 lexislaturas; creou unha Concellalía naquel momento, quero destacálo porque a mín me decían sempre "Baiona ten o único concelleiro da Muller da Provincia de Pontevedra", e penso que é unha persoa que tiña claro que había que favorecer a participación feminina en tódalas actividais, tanto culturais, sociais, como políticas, e de feito leva loitando por iso dende o ano 99, polo menos, a nivel público. Tamén foi un adelantado no cambio, como foi no caso da Concellalía de Igualdade, porque creo que temos que ver, sobre todo, independentemente do sexo, ó débil; temos que tratar de que a sociedade protexa ó máis desfavorecido. O nome actual da Consellería de Igualdade é unha idea persoal defendida por Adolfo, aparte da creación doutra Concellería que creo que ten moito futuro que é a da Cidadanía, onde deben estar representados tódolos veciños de Baiona.

Seguindo co máis xóve, entre comillas, Manuel González, un home traballador, un home serio, honesto, que ten a empresa particular metida na cabeza, con tódolos números metidos nese ordenador, nese programa duro que ten, e que ha vivido, ha utilizado todo o tempo libre que lle deixaba o seu traballo, para estar aquí facendo a súa labor nunha Concellalía complicada, difícil, como é Comercio e Pesca, porque son dúas actividais vivas en Baiona e que dende logo él defendeu, e estivo en todo momento en primeira liña de loita e sobre todo, a nivel persoal, un agradecemento especial meu posto que foi concelleiro meu, foi quen me apoiou en todo momento, e estivemos ahí dende fai 4 anos e medio conxuntamente vivindo moitas experiencias, creo que a maior parte positivas, aínda que sempre haia algunha negativa.

Este é un pequeno resume que para nada reflicte o que é a valía persoal dos 6 concelleiros que hoxe se despiden, que como digo, polo menos por agora non van a estar con nós. Creo que non é cousa de dicir "adeus" senón "ata pronto, amigos".

Vamos a darlles un aplauso e tamén un pequeno detalle, cousa que quero que fagan os portavoces dos seus grupos políticos; no caso de Benigno, como non está, o farei eu no seu nome, pero quería que Manolo Vilar procediera a impórllle a insignia a Miguel. Ademáis dicir tamén, que non o saben todavía pero seguro que lles dou unha alegría, que nos vamos a ir a comer e van a pagar eles a comida; non o sabían, seguro.

Procedese neste intre á imposición de insignias ós concelleiros que non formarán parte da próxima Corporación Municipal.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr. Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.